

## Reintegros de Bolsas do Ministerio

### CAUSAS DE REINTEGRO DA BOLSA

Gozar dunha bolsa comprométeche a unhas mínimas obrigacións, entre as que se atopan: utilizar o diñeiro da bolsa para a súa finalidade, é dicir, para estudar, asistir a clase e aprobar as materias do curso. Podes consultar todo isto nos artigos 40 ao 46 das respectivas convocatorias anuais. No caso de estudantes universitarios, entenderase que non destinaron a bolsa para a devandita finalidade cando concorra algunha das seguintes situacións:

- Anulación da matrícula ou abandono de feito dos estudos.
- **Non superar o 50% dos créditos matriculados en todos os graos e másteres universitarios, salvo non superar o 40%** no suposto de estudos das ramas de Ciencias e de Ensinos Técnicos, en convocatoria ordinaria ou extraordinaria. Para o cálculo desta porcentaxe exclúranse os créditos validados, recoñecidos ou adaptados. Neste suposto procederá o reintegro de todos os compoñentes da bolsa con excepción da bolsa de matrícula.

Outras causas de reintegro da bolsa serían:

- A ocultación ou falseamento de datos
- Obtela aínda sendo incompatible con outras axudas.
- A obtención da bolsa sen cumprir algún dos requisitos esixidos.
- O propio erro da Administración que a concedeu.

### PROCEDIMENTO DE REINTEGRO

A devolución pódena solicitar en calquera momento, aínda que o prazo do que dispón a Administración para iniciar o expediente é de catro anos desde que foi concedida.

Unha vez recibida esta información, o servizo de bolsas inicia o procedemento de reintegro:

**1.NOTIFICACIÓN DE INGRESO VOLUNTARIO:** A través da sede electrónica do Ministerio de Educación e Formación Profesional notificarase, no email que se indicou na solicitude de bolsa o motivo de devolución para proceder ao reintegro no prazo de dous meses. O escrito irá acompañado do modelo 069 (para realizar o ingreso en calquera Entidade Bancaria), tamén pode realizar o trámite en liña no Ministerio de Facenda.

***A partir do 1 de novembro de 2023 a carta voluntaria incluírá os intereses de demora calculados desde a data do pago da axuda ata a data de apertura do expediente. (art. 46 da convocatoria)***

**2. INICIO DO EXPEDIENTE DE REINTEGRO:** De non efectuarse a devolución no prazo anterior procédese a abrir o expediente de reintegro de novo. Recibirase unha notificación a través da Sede electrónica en cuxo encabezado figura: “Acordo de Inicio de Reintegro”, acompañada de novo polo modelo 069 e cun novo prazo de 15 para presentar alegacións. Se se admiten as alegacións envíase unha carta de peche de expediente.

**3. RESOLUCIÓN DO EXPEDIENTE DE REINTEGRO:** Se non se realizou o ingreso, non se presentaron alegacións ou estas non se admitiron, o expediente pasa ao Ministerio que dita a Resolución do Reintegro, con intereses. Notifícanos ao interesado e comunícase á Axencia Tributaria. Nesta fase a notificación vén con intereses de demora e se ademais o expediente pasa á vía de apremio na Axencia Tributaria virá con recargo e se finalmente non se abona, posibles embargos.